

I.E.S. MARQUÉS DE SARGADELOS

PROXECTO
EDUCATIVO
(P.E.)



XUÑO 2022

ÍNDICE

0.- INTRODUCCIÓN.....	3
1.- QUEN SOMOS?	3
1.1.- ANÁLISE DO CONTEXTO.....	3
1.2.- SIGNOS DE IDENTIDADE	7
2.- QUE QUEREMOS	8
2.1.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.....	8
2.2.- OBXECTIVOS XERAIS DA ESO	8
2.3.- OBXECTIVOS CURRICULARES DO CENTRO.....	9
3.- CONTIDOS.....	10
3.1.- CRITERIOS DE SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS PARA A ESO	10
3.2.- TEMAS TRANSVERSAIS	10
4.- METODOLOXÍA.....	11
5.- MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN.....	12
6.- AVALIACIÓN.....	12
7.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	15
8.- AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINO- APRENDIZAXE	15
9.- ÓRGANOS DO CENTRO.....	16
9.1.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS	16
9.2.- ÓRGANOS COLEXIADOS.....	16
9.3.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	18
9.3.1.- DEPARTAMENTOS.....	18
9.3.2.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	20
9.3.3.- TITORÍAS	21
10.- CONTROL DA AULA	22
11.- DELEGADOS	23
12.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO EDUCATIVO.....	23

0.- INTRODUCCIÓN

Tendo en conta a concepción educativa exposta na LOMCE, e a consideración da educación integral para formar persoas que se integren nunha sociedade plural, democrática e solidaria, presentamos este documento para reflexionar sobre a función educativa e a identidade como institución, e co obxectivo de conseguir mellorar o funcionamento, a calidade do ensino e poder acadar de forma coherente os fins que nos propoñemos.

1.- QUEN SOMOS?

1.1.- Análise do contexto.

Alumnado: procede do medio rural (40%) e do medio semiurbano (60%) do concello de Cervo. Tamén hai alumnos e alumnas do concello de Xove, que acoden a facer os Bacharelatos, con características semellantes. As súas familias teñen un nivel socioeconómico medio, e son traballadores fundamentalmente da industria. Existe un número importante de familias inmigrantes doutras zonas do Estado e doutros países (Cabo Verde, Cuba, Portugal ...) que en xeral están ben integradas socialmente. Caracterízase por ser activo e participativo de cara ao deporte, con algunhas excepcións de desmotivación, falta de esforzo e desinterese polas actividades académicas e intelectuais.

Familias: caracterízanse por ser socialmente participativas a través de múltiples asociacións existentes, sobre todo as de carácter deportivo. As profesións máis abundantes son os traballadores por conta allea na industria de Alcoa, pero tamén existe un número importante de economía mixta: agrícola, mariñeira e de servizos. O nivel económico é medio. Constitúense en núcleos familiares reducidos, de non máis de 5 membros. No núcleo semiurbano, a lingua familiar é o galego nun 60% dos casos, aínda que esta se reduce ao 40% de uso polos seus fillos. No rural aumenta a porcentaxe achegándose ao 100% de uso, tanto polos pais coma polos fillos. A maioría das familias interézanse polo rendemento académico dos alumnos, e asisten con frecuencia ás reunións cos titores.

Profesorado: nestes momentos a maioría do profesorado ten praza fixa no Centro. En xeral está preocupado e motivado pola súa formación profesional e participa en numerosas actividades de formación externa.

Persoal non docente: no cadro de persoal deste Centro están integradas dúas conserxes, tres limpadoras e unha administrativa.

Situación xeográfica do Centro: aos pés do Cantábrico e formando parte da Mariña occidental lucense, atopamos o Concello de Cervo.

Ocupa unha superficie de 75 km², na que se asenta unha poboación de aproximadamente 5.000 habitantes que se distribúen en seis parroquias: Castelo, Cervo, Lieiro, Rúa, Sargadelos e Vilaestrofe.

Son dúas as principais unidades de relevo do concello: unha está formada polas estribacións da serra do Xistral, cos montes do Buio e do Cabaleiro (cunha altitude en torno aos 500-600 m) que ocupan a parte meridional e interior. Na zona costeira atópase a mariña propiamente dita.

Dende o punto de vista hidrográfico todo o territorio municipal inscríbese na vertente cantábrica e aínda que non descorren correntes fluviais importantes, pódense citar dous pequenos ríos: o Xunco e o Covo.

O clima é marítimo morno, con temperaturas suaves (13°C de media anual) e as precipitacións abundantes (1600 mm), impiden que haxa unha estación totalmente seca, como ocorre no resto da cornixa cantábrica.

Análise socioeconómica: un dos factores máis relevantes do concello de Cervo é a diversificación da súa base económica, debida ao enclave industrial de ALCOA, situado entre os concellos de Cervo e Xove, que absorbe un importante volume de man de obra e xera un apreciable efecto multiplicador no municipio e máis concretamente no núcleo de San Cibrao.

A existencia de arxilas e caolín na zona, permitiu a expansión dunha industria derivada desta materia prima, sobre todo louza, sendo a máxima representación a fábrica de cerámica de Sargadelos.

Como consecuencia deste proceso o Concello tivo un incremento demográfico importante aínda que hoxe a tendencia demográfica é á baixa, como no resto de Galicia. Os cambios nos modos de vida foron inmediatos, tanto no ámbito laboral (paso do sector primario ao secundario e terciario) como no estado do benestar (mellores vivendas, maior equipamento,...etc.)

O núcleo de poboación máis importante é San Cibrao con preto de 3000 habitantes, seguido da cabeza do concello, Cervo, con uns 1500 habitantes.

Tipos de vivendas e nivel de vida: temos que diferenciar dous tipos segundo sexan do medio rural ou do medio urbano. No medio rural son unifamiliares, mentres que no medio urbano predominan os edificios de vivendas. O nivel de calidade de vida considérase medio.

Poboación: a maior parte dos habitantes son orixinarios da zona; pero a partir do ano 1976, coa implantación da empresa ALCOA, prodúcese unha corrente migratoria procedente de Asturias, Castela León e doutros lugares de Galicia.

A proximidade co porto de Burela aporta ademais alumnado doutras nacionalidades como Cabo Verde, Portugal, Cuba.

A poboación, en xeral, está moi dispersa. O medio habitual para desprazarse é o transporte escolar.

Nivel de estudos dos pais e nais: en xeral contan con estudos medios non universitarios.

Problemas de seguridade e marxinação: non son relevantes.

Asociacións culturais e relixiosas: o concello conta con asociacións socioculturais, de Amas de Casa, de Viúvas, de veciños, de pais e nais do alumnado, deportivas e Clubs de fútbol, xuvenil e a asociación relixiosa Testigos de Jehová.

Escolas, parques, zonas de xogo e recreo ...etc:

Dous Colexios de Educación Primaria.

Un parque en San Cibrao.

Zonas de xogo e recreo:

Catro campos de fútbol con catro equipos federados

Pista de atletismo

Tres pavillóns

Piscina climatizada

Clube Náutico
Casa da Cultura con auditorio
Non hai ningún teatro, cine ou hospital.
Museo do Mar.
Dous Centros de Asistencia Primaria.
Biblioteca.
Conxunto Histórico Artístico en Sargadelos.

Características do Centro: foi construído no ano 1994. Conta cos seguintes servizos:

12 aulas ordinarias
4 aulas de informática
2 aula de audiovisuais
2 aulas de debuxo e expresión plástica
1 aula de música
1 laboratorio de Física
1 laboratorio de Química
1 laboratorio de Química Industrial
1 laboratorio de Ciencias Naturais
9 despachos de Departamentos Didácticos
1 Ximnasio
Pistas deportivas ao aire libre
1 Biblioteca
1 aula de Tecnoloxía
2 aulas de Idiomas
1 aula de Ciencias Sociais
1 aula de PDC
3000 m² de patios de recreo
sala do profesorado
Oficinas
5 despachos de dirección e administración
Cafetería
Vivenda do conserxe

Actividades complementarias e extraescolares que se realizan normalmente:

Talleres de prevención das drogodependencias.
Talleres de formación afectivo-sexual.
Talleres de motivación á lectura.
Celebración de festas cíclicas como o nadal, magosto, entroido.
Exposicións de fotografías, pintura, traballos académicos.
Exposicións itinerantes.
Saídas didácticas organizadas polos diferentes departamentos
Excursións e viaxes culturais
Intercambios educativos con Francia
Contacontos
Fonoteca
Rally de Matemáticas
Concursos literarios propios e participación en convocatorias externas
Actividades deportivas e competicións organizadas polo Departamento de Educación Física
Actividades de relación coas familias
Charlas informativas sobre temas educativos e de interese para a educación
Presentación e acollida do alumnado
Atención titorial individual
Colaboración coa ANPA en diversas actividades de formación a familias e alumnado
Reunións informativas puntuais para a organización de saídas didácticas e excursións
Reunións informativas e de colaboración para tratar asuntos de convivencia académica.

Necesidades detectadas

Maior dotación de profesorado especialista e material para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
Salón de actos.
Reparación cerramento exterior metálico do recinto escolar (está moi deteriorado pola oxidación).
Pistas deportivas cubertas.

Oferta educativa: na actualidade impártense as seguintes ensinanzas.

Educación Secundaria Obligatoria (con seccións bilingües)

Bacharelatos:

- Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía
- Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais

Ciclo Superior de Química Industrial

Formación Profesional Básica: Informática de oficina.**1.2- Signos de identidade**

1.2.1.- **Centro público.**- O IES Marqués de Sargadelos é un centro educativo público galego, laico e integrador, con intención clara de ser útil á sociedade do seu contorno. En consecuencia estará aberto e vinculado ao mesmo, tomándoo como referencia e tentando converterse en parte da vida educativa, cultural, económica e asociativa da zona de influencia.

1.2.2.- **Metodoloxía activa e innovadora.**- Sendo conscientes das necesidades de formación plural e activa para integrarse no mundo de hoxe, propoñémonos fomentar no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, se converta en base da súa formación e aprendizaxe. Baseándonos nos principios metodolóxicos do construtivismo, intentaremos que os alumnos aprendan a COÑECER, FACER, VIVIR XUNTOS e SABER. Apostamos por priorizar as seguintes destrezas: coñecer e utilizar as diferentes linguaxes (oral-escrita, matemática, plástica, musical, corporal, novas tecnoloxías), razoar, traballar en grupo, e aprender a ser autónomos.

1.2.3.- **Pluralismo e valores democráticos.**- O noso centro debe transmitir os valores básicos dunha sociedade democrática, como son o respecto cara os demais e cara a un mesmo, o senso da liberdade ligado ao da responsabilidade, a solidariedade, o gusto polo traballo ben feito, valorar o esforzo persoal. A través destes principios procuraremos inducilos a participar na mellora da sociedade. No mesmo senso fomentárase a participación dos diferentes estamentos da comunidade educativa.

1.2.4.- **Traballo e disciplina.**- Debemos fomentar os valores de traballo como medio de aprender responsabilidades, de ser solidarios e de madurez persoal. Comprometémonos a construír un marco disciplinario claro, posible e educador, entendendo a disciplina como un pacto ou compromiso entre profesores e alumnos para garantir o normal funcionamento do centro e asegurar o traballo e os dereitos educativos do alumnado.

1.2.5.- **Lingua de aprendizaxe.**- Co fin de acadar a normalización do idioma galego, lingua propia de Galicia, preténdese, como obxectivo, que este se converta na lingua de uso normal nas relacións no centro, así como no idioma vehicular utilizado no proceso de ensino-aprendizaxe das distintas materias do currículo, tendo en conta o que se especifica na lexislación vixente.

Para logralo, artellaranse anualmente planos específicos que teñan en conta a situación lingüística que en cada momento exista no centro e que garantan a consecución progresiva de normalización da lingua galega no ensino.

1.2.6.- **Coeducación.**- Mediante a coeducación intentarase eliminar calquera tipo de trato diferencial por razón de sexo. Entendemos que a coeducación non consiste só en ter xuntos a nenos e nenas, senón que as actitudes e a práctica educativa debe conducir cara ao respecto da propia persoa e do outro, así como á integración natural da realidade social, constituída por mulleres e homes.

1.2.7.- **Xestión democrática e información plural.**- Apostamos por unha xestión democrática e participativa, na que todos os estamentos da comunidade educativa poidan participar realmente da xestión do centro, a través dos órganos de goberno, pero tamén das actividades, da información e da cooperación. Procuraremos que a información funcione horizontal e verticalmente, para que toda a comunidade poidan ter acceso a ela como medio de participación e mellora da función docente e da convivencia. Isto será posible a través dun traballo de planificación, organización, acción e revisión. Para iso será necesario a delegación de funcións, o traballo en equipo, a realización de proxectos, a participación, a coordinación e o diálogo.

1.2.8.- **Formación de persoas.**- Apostamos por unha educación integral dos alumnos e alumnas. Neste

senso a tarefa docente debe estar encamiñada a desenvolver todas as capacidades do alumnado: cognitivas, motrices, de equilibrio persoal, de inserción social e de relación interpersoal.

1.2.9.- **Atención á diversidade.**- Entendemos a diversidade como a diferenza natural entre as persoas, debidas ás súas capacidades, actitudes, lingua, contorno social, cultura, economía, pero que aporta riqueza aos grupos humanos. Como centro asumimos a diversidade do alumnado como unha responsabilidade de todos, e desde unha perspectiva integradora ao máximo, procuraremos buscar, entre todos, as estratexias e os medios máis axeitados para cada alumno ou alumna.

1.2.10.- **Igualdade de oportunidades.**- Procuraremos tratar ao noso alumnado de xeito individual, no que se refire ás súas capacidades, a súa historia persoal e os seus coñecementos previos, coa intención de garantir, na medida do posible, a igualdade de oportunidades. Para facer isto é moi importante o traballo de seguimento e orientación persoal ao longo da vida académica do alumno ou alumna.

1.2.11.- **Educación para a paz e a convivencia.**- Declaramos a nosa intención de traballar por unha cultura da paz, en consecuencia procurase inculcar este valor de forma transversal en todas as áreas e non se aceptarán actividades que fomenten o militarismo ou a agresividade entre o alumnado.

2.- QUE QUEREMOS?

2.1.- Obxectivos Xerais do Centro

No IES Marqués de Sargadelos pretendemos, por un lado e, como vén dado pola nosa función, levar a cabo o labor educativo e formativo, adaptándonos ás necesidades do entorno, pero tamén á lexislación que vén dada polas institucións e órganos superiores que regulan os pasos por onde se debe camiñar para lograr o que toda a comunidade educativa desexa: un ensino de calidade, integrador e solidario, que axude a formar un alumnado crítico, responsable e con valores sólidos, que sexa capaz de participar na organización da sociedade que lle toca desenvolver.

Por todo isto, e adaptándonos aos novos cambios lexislativos no que o sistema educativo está inmerso, adoptamos como nosos os novos obxectivos da ESO, dos cales destacamos aqueles aspectos nos que imos traballar para lograr un ensino de calidade.

2.2.- Obxectivos xerais da ESO (Artigo 10)

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.3.- Obxectivos Curriculares do Centro.

Para desenvolver a nosa tarefa educativa e formativa no marco da nova lexislación educativa, establecemos os obxectivos xerais das etapas desenvolvendo **as competencias clave e comprobando se adquiriron estas mediante os estándares de aprendizaxe avaliábeis**, que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que alumno debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Co fin de lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta dun xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da súa vida, o alumnado debe desenvolver as seguintes competencias clave:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).

- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

3.- CONTIDOS

3.1.- Criterios de secuenciación de contidos para a ESO.

Os **estándares de aprendizaxe** para desenvolver en cada unha das distintas áreas veñen dadas polo desenvolvemento da LOMCE, e desenvolvidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e deben aparecer nas distintas programacións didácticas de cada departamento.

En canto á secuenciación de contidos cabe sinalar que no Claustro do IES Marqués de Sargadelos seguiranse uns criterios xerais para a secuenciación deses contidos, que responden aos seguintes puntos:

- O desenvolvemento de contidos, cando sexa posible, debe ter un tratamento cíclico cunha progresión en espiral.
- Cómpre graduar os contidos e competencias partindo das experiencias e coñecementos adquiridos en etapas anteriores, profundizando e aportando obxectos de estudo.
- Desenvolvemento de capacidades de concentración, percepción e memorización unidos ao desenvolvemento de capacidades de abstracción de conceptos, clasificación, elaboración de hipóteses, dedución e xeneralización.
- Adecuación ao desenvolvemento e características psico-cognitivas do alumnado.

3.2 Elementos Transversais.

En canto aos temas **transversais** sinalar, que sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas materias da etapa ,a LOMCE sinala que a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual ,as tecnoloxías e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.

E, como principio pedagóxico, establece que co fin de promover o hábito de lectura, se dedicará un tempo á mesma na práctica docente en todas as materias, e traballaranse en todas as áreas unha serie de valores, dos que o IES Marqués de Sargadelos se compromete dun xeito especial cos seguintes:

- A igualdade entre homes e mulleres.
- Respecto por outras culturas
- Respecto polos problemas medioambientais.
- A solidariedade e a busca da xustiza
- A participación de xeito activo na sociedade democrática.
- A educación para un consumo responsable.
- A educación para a saúde.
- Educación vial.
- Educación afectiva-sexual.
- Educación para o lecer.

4.- METODOLOXÍA

Nos principios metodolóxicos distinguimos entre criterios organizativos (espazo, tempo, materiais...) e principios de carácter docente.

En canto aos criterios organizativos o claustro do IES Marqués de Sargadelos opta pola xornada única, con horario de 8.50 h.a 14. 30 h., distribuído en sesións de 50 minutos e con dúas pausas de 20 minutos cada unha para o recreo. Os luns haberá tamén aulas pola tarde de 16.30 a 18.10h.

En relación coa organización espacial, decídese que o alumnado acuda á aula de referencia, sendo o profesor quen se desprace para impartir a materia. Algunhas materias como Inglés, Francés, Plástica ,Informática, Tecnoloxía ou Música dispoñen de aula propia. Valórase a posibilidade de aumentar o número de aulas específicas nun futuro, se as circunstancias o permiten.

A colocación do alumnado na aula dependerá do criterio do profesorado.

A organización espacial das aulas restantes adaptarase ás necesidades do centro, na procura dunha atención axeitada do alumnado.

Polo que se refire aos principios xerais de carácter docente, o claustro establece para todas as áreas os seguintes:

- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
- Garantir no proceso de ensino a funcionalidade de aprendizaxes.
- Posibilitar aprender a aprender.
- Preocuparse nos proxectos e programacións de reforzar os aspectos prácticos
- Crear un clima de aceptación mutua e cooperación
- Prestar especial atención aos problemas que se presentan en relación á autoestima e o equilibrio persoal e afectivo.
- Converter ao alumnado en protagonista do proceso de aprendizaxe..

Así mesmo, ao comezo do curso o profesorado informará ao alumnado, ao longo dunha ou varias sesións, sobre os seguintes aspectos:

- Presentación persoal do profesor/a
- Conceptos, procedementos e actitudes a desenvolver na aula.
- Secuenciación aproximada da materia
- Metodoloxía de traballo na aula
- Procedementos e técnicas utilizadas para a avaliación
- Criterios de avaliación a seguir.
- Realizar unha avaliación inicial que permita determinar o nivel de desenvolvemento do alumnado e realizar a necesaria adaptación curricular.

Por último, como metodoloxía para aplicar na aula elaboramos unha serie de pautas comúns a todas as áreas:

- Como norma xeral esixiremos ao alumnado un ambiente axeitado para iniciar as clases, (puntualidade, material adecuado e esperar ao profesor dentro da aula)
- Establecer unha conexión secuencial entre os contidos, destacando a interrelación existente entre os distintos contidos, asegurando que o alumno teña sempre unha visión do plan de traballo e secuenciando a materia por medio dun guión ou esquema.
- Buscarase a axeitada presentación dos traballos (orde, limpeza, marxes, títulos, faltas de ortografía, caligrafía, índice.....) dos traballos ou material elaborado.
- Fomentarase a elaboración de resumos, dando regras para resumir e elaborar esquemas.
- Corrixir as faltas de ortografía en tódalas áreas.
- Potenciar o uso do dicionario na aula.
- Asesorar ao alumnado nas técnicas de estudo. O departamento de orientación estará disposto a asesorar ao profesorado neste tema.
- Fomentar o hábito de lectura, orientado tanto na elección como na análise crítica da información recibida por distintas canles, prensa, radio, tv etc.
- A revisión do material traballado en calquera soporte, caderno, folio etc será de revisión frecuente.

5.- MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN.

O Claustro de profesores do IES Marqués de Sargadelos, como consecuencia da implantación da LOMCE fixo a seguinte proposta de materias de libre configuración, que foron aprobadas en Claustro e posteriormente remitidas á Inspección Educativa para a súa aprobación definitiva.

Para o curso 2021-2022:

1º ESO	1º BAC
- Iniciación á expresión musical. - Educación Vial	- Cultura, Sociedade e Relixión
2º ESO	2º BAC
- Oratoria -Promoción de estilos de vida saludable	- Cine e valores

Para o curso 2016-2017:

1º ESO	2º ESO	1º BAC	2º BAC
-	-- Oratoria -Promoción de estilos de vida saludable		-Cine e valores

6.- AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da ESO e do BAC en Galicia e se regula a avaliación, promoción e titulación na Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, terá carácter formativo e integrador e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

Levarase a cabo tendo en conta: os estándares de aprendizaxe, as competencias clave, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, e a concreción que fagan os centros no seu Proxecto Educativo. Será continua en canto que forma parte do proceso de ensino aprendizaxe e terá carácter formativo e integrador permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente .

Desenvolvemento do proceso de avaliación.

Ao comenzo de cada curso realizarase unha avaliación inicial de cada grupo coa finalidade de obter información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida a través da persoa titora. Será o punto de referencia para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada caso.

As sesións de avaliación (polo menos tres para cada curso) serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia nel e contará co asesoramento do departamento de orientación. A persoa titora recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións, os graos de desenvolvemento das competencias básicas e as decisións e os acordos acadados. Asimesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes se fose o caso. A última destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

Nos primeiros días do mes de setembro terá lugar unha sesión de avaliación relativa ás probas extraordinarias. Se é o caso, nos documentos de avaliación farase constar non presentado (NP).

O alumnado dos cursos primeiro e segundo que por presentar dificultades, non curse a materia común de segunda lingua estranxeira, será valorado, de xeito cualitativo do progreso nas actividades de reforzo que estea desenvolvendo. Nos documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.

De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisión requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo

Na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes á educación secundaria obrigatoria con adaptacións curriculares significativas, a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

PROMOCIÓN DE 1ºESO A 3ºESO

SITUACIÓN ACADÉMICA AO FINAL DO CURSO	PROMOCIÓN
Todas as materias superadas	SI
Unha materia suspensa	SI (*)
Dúas materias suspensas	SI (*)
A PARTIR DE TRES MATERIAS SUSPENSAS	SI (EXCEPCIONALMENTE) (*) (**)

(*) Aplicaráselle un plan de reforzo educativo ao alumno/a, adaptado ás súas particularidades, elaborado polo profesorado que imparte a materia pendente de superar, baixo as directrices do departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor/titora, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias (Artigo 51/ Orde do 8 de setembro do 2021/ DOG 26 de outubro)

** Decisión acordada polo equipo docente en función de que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado ou matriculada nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Para a consecución dos puntos b), c), d) será indispensable que:

- a asistencia a clase sexa de forma continuada e que, de existir faltas de asistencia, estas estean debidamente xustificadas.

- se mostre ao longo do curso interese pola materia, traendo o material necesario específico da mesma, realizando as tarefas, entregando as actividades propostas no tempo marcado e presentándose a todas as probas propostas, nas que a cualificación non pode ser inferior a 3.

- a actitude na aula sexa a correcta para favorecer o ensino-aprendizaxe, sen chamadas de atención que alteren o bo funcionamento do mesmo.

AVALIACIÓN FINAL DA 4ºESO

SITUACIÓN ACADÉMICA AO FINAL DO CURSO	ACCESO Á AVALIACIÓN FINAL
Todas as materias superadas	SI
Con algunha materia suspensa	SI (EXCEPCIONALMENTE) (*) (**)

(*) Decisión acordada polo equipo docente en función de que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a o/a alumno/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para a consecución dos puntos b) e c) será indispensable que:

- a asistencia a clase sexa de forma continuada e que, de existir faltas de asistencia, estas estean debidamente xustificadas.

- se mostre ao longo do curso interese pola materia, traendo o material necesario específico da mesma, realizando as tarefas, entregando as actividades requiridas no tempo marcado e presentándose a todas as probas propostas, nas que a cualificación non pode ser inferior a 3.

- a actitude na aula sexa a correcta para favorecer o ensino-aprendizaxe, sen chamadas de atención que alteren o bo funcionamento do mesmo.

MATRÍCULA DE HONRA EN 4º de ESO .

Pódese conceder a matrícula de honra ao alumnado que obteña unha media na etapa igual ou superior a 9 e que se concederá a un número non superior ao 5% ou fracción resultante superior a 15 do conxunto do alumnado de 4º de ESO.

A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra

No caso de empate resolverase atendendo á media aritmética das cualificacións de 4º de ESO en primeiro término e , de continuar o empate, á media de 3º ESO , 2º ESO e 1º ESO.

PROMOCIÓN DE 1º BAC A 2ºBAC.

SITUACIÓN ACADÉMICA AO FINAL DO CURSO	PROMOCIÓN
Todas as materias superadas	SI
Unha ou dúas materias suspensas	SI (*) - SI (**)

(*) Este alumnado seguirá un **programa de recuperación de pendentes**, elaborado polo correspondente departamento didáctico, e o profesorado desenvolverao no curso no que imparte docencia.

(**) No bloque de materias de libre configuración autonómica só computará Lingua galega e literatura.

As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

AVALIACIÓN FINAL DE 2º BAC.

SITUACIÓN ACADÉMICA AO FINAL DO CURSO	AVALIACIÓN ORDINARIA	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA
Todas as materias superadas	SI	SI
Con 1 materia suspensa		SI (*) EXCEPCIONALMENTE

(*) O equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharelato por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada

MATRÍCULA DE HONRA EN 2º de BAC .

Pódese conceder a matrícula de honra ao alumnado que obteña unha media na etapa igual ou superior a 9 e que se concederá a un número non superior ao 5% ou fracción resultante superior a 15 do

conxunto do alumnado de 4º de ESO.

No caso de empate se resolverá atendendo á media aritmética das cualificacións de 1º de BAC en primeiro término e , de continuar o empate, á media de 4º de ESO, 3º ESO , 2º ESO e 1º ESO de forma escalonada.

CICLOS FORMATIVOS

FP BÁSICA DE INFORMÁTICA DE OFICINA

PROMOCIÓN DE 1º A 2º CURSO.

SITUACIÓN ACADÉMICA AO FINAL DO CURSO	PROMOCIÓN
Todos os módulos superados	SI
CON UN MÓDULO DA ESPECIALIDADE SUSPENSO QUE NON SUPERE O 20% DE HORAS, SEMPRE E CANDO SUPERASE O MÓDULO DE COMUNICACIÓN E SOCIEDADE OU O MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS	SI (*)

* O alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, do período de realización e da temporalización e data na que serán avaliados.

TITULACIÓN

SITUACIÓN ACADÉMICA AO FINAL DO CURSO	PROMOCIÓN
Todas as materias superadas	SI

O alumnado que obteña un título de **formación profesional básica** obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

7.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Programas de reforzo, programas de recuperación e programas específicos personalizados. O IES Marqués de Sargadelos segue as directrices establecidas na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

Adaptacións curriculares. Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións dos currículos nas ensinanzas de réxime xeral (DOGA, 7 de novembro de 1995).

8.- AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINO – APRENDIZAXE

A avaliación constitúe unha práctica imprescindible en toda actividade planificada, xa que é a fase que aporta información continua sobre o grao de cumprimento dos obxectivos e en última instancia dos resultados que se acadan.

A avaliación do proceso de ensino implica a todo o profesorado. Trátase dun proceso que comenza co diagnóstico inicial e que, tralo seu seguimento ó longo de todo o curso, finaliza coa memoria, onde se recollen as principais conclusións e as modificacións que procedan da práctica docente.

Corresponde a todo o centro establecer o plan de avaliación de forma organizada para que participe todo o profesorado. Cada departamento será responsable de avaliar a súa práctica docente.

9.- ÓRGANOS DO CENTRO

9.1.- Órganos unipersoais

Equipo Directivo: o equipo directivo do Centro está formado polo director/a, xefe/a de estudos, secretario/a e vicedirector/a.

Son funcións e competencias de cada un dos membros do equipo directivo as que se especifican no **Decreto 324/1996, de 26 de xullo (Dirección: Artigo 20º, Vicedirección : Artigo 28º, Xefatura de Estudos: Artigo 31º, Secretaría: Artigo 32º.**

9.2.- Órganos colexiados:

CONSELLO ESCOLAR: A composición, a elección dos seus membros, a súa renovación, as comisións e as atribucións do Consello Escolar están regulados no Capítulo III, Artigo 44º do Regulamento Orgánico dos Institutos de Ensinanza Secundaria (Decreto 324/1996, DOG do 9 de agosto de 1996), e **modificadas as súas competencias no Artigo 127 da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro (LOMCE)**, publicada no Boletín Oficial do Estado do 10 de decembro.

As reunións do Consello Escolar serán como mínimo unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o Director/a ou o soliciten, polo menos, un terzo dos seus membros. En todo caso, será preceptiva, ademais, unha reunión ao principio de curso e outra ao final do mesmo.

Dentro do Consello Escolar constituiranse dúas comisións, a comisión de administración e económica, e a comisión de convivencia. A primeira reunirse sempre que no Consello Escolar se traten asuntos económicos. A outra convocarase do mesmo xeito que o Consello Escolar e tamén pode ser convocada, de xeito extraordinario, por requirimento do Xefe/a de Estudos.

As reunións do pleno e as comisións do Consello Escolar celebraranse fóra do horario lectivo e en horas nas que tódolos seus membros poidan asistir normalmente. Excepcionalmente, e por razóns de urxencia, poderase reunir en período lectivo (durante os recreos) cando se posibilite a presenza de tódolos seus membros e os asuntos a tratar non impidan a asistencia ás clases.

As reunións irán precedidas dunha convocatoria nominal a cada un dos seus membros, polo menos con 48 horas de antelación, coa orde do día para tratar e axuntando os documentos a debater.

As comisións do Consello Escolar terán a finalidade e a atribución de tramitar e preparar para o pleno os asuntos da súa competencia.

COMISIÓN DE ADMINISTRACIÓN E ECONÓMICA: Estará composta por un pai/nai; un alumno/a; un profesor/a; o secretario/a e o director/a. As súas competencias son:

- Revisar o proxecto de presuposto do instituto.
- Renovar e conservar as instalacións e o equipamento.
- Supervisar as actividades administrativas.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA: estará integrada por un pai/nai; un alumno/a; un profesor/a; o Xefe/a de Estudos e o Director/a. As súas competencias son:

- Instruír expedientes por faltas graves e moi graves.
- Designar o instrutor.
- Estudar as sancións propostas polo instrutor.
- Participar na elaboración e desenvolvemento das normas de convivencia deste regulamento e na súa revisión.

As decisións do pleno e das comisións do Consello Escolar adoptaranse por maioría simple dos presentes, a excepción dos casos contemplados na lexislación vixente. O presidente/a dirimirá o empate co seu voto de calidade.

CLAUSTRO DE PROFESORES: A composición e competencias do claustro de profesores/as está regulado no Capítulo III, Artigo 46º do Regulamento Orgánico dos IES.

As sesións preceptivas do claustro serán: unha ao comezo do curso, polo menos unha por cada trimestre e outra ao final do curso. Tamén poderá ser convocado a petición do director/a ou a solicitude dun terzo, polo menos, dos seus membros. Ademais convocarase un claustro extraordinario para coñecer as candidaturas á dirección e os programas presentados polos candidatos.

As reunións celebraranse fóra do horario lectivo e en horas nas que tódolos seus membros poidan asistir.

As reunións irán precedidas dunha convocatoria nominal a cada un dos seus membros con, polo menos, 48 horas de antelación e coa orde do día para tratar. Axuntaranse os documentos que se vaian debater.

A súa asistencia é obrigatoria e polo tanto non se poderá celebrar conxuntamente ningunha outra actividade no Centro.

As decisións nas que se requira unha votación tomaranse por maioría simple dos presentes, en caso de empate decidirá o voto de calidade do director/a.

Os representantes do Claustro no Consello Escolar terán autonomía plena para tomar calquera tipo de decisións.

Competencias do Claustro:

- Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro e da programación xeral anual.
- Aprobar e avaliar proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme ao proxecto educativo do centro.

- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- Elixir os seus representantes no Consello Escolar do instituto e no consello directivo do centro de formación continuada do profesorado.
- Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.
- Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios do alumnado.
- Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e calendario dos exames ou probas extraordinarias.
- Analizar e valorar o rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os programas presentados polos candidatos.
- Coordinar as funcións referentes a orientación, tutoría, avaliación e recuperación do alumnado.
- Analizar e valorar os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa ou calquera informe referente á súa marcha.
- Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación do centro.

9.3.- Órganos de coordinación docente

9.3.1.- DEPARTAMENTOS

a) DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

O Departamento de Orientación está formado por: Os/as orientadores/as do centro, o/a profesor/a de PT, un titor de cada curso, un profesor/a en representación do ámbito sociolingüístico, un profesora/a en representación do ámbito científico matemático, os/as responsables dos departamentos de orientación dos centros adscritos.

A xefatura do departamento de orientación será desempeñada polo funcionario/a de carreira do corpo de PES da especialidade de psicoloxía de pedagogía.

O **Departamento de Orientación** ten as funcións que se recollen no Artigo 55º do Decreto 324/1996, de 26 de xullo):

A xefatura do departamento de orientación implica realizar as funcións que se indican no Artigo 57º do antedito Decreto.

b) DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS:

Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias de cada área ou materia e as actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias (Artigo 71º).

Constituiranse os seguintes departamentos didácticos: Lingua e Literatura Galega, Lingua e Literatura Castelá, Inglés, Francés, Latín, Filosofía, Xeografía e Historia, Matemáticas, Física e Química, Ciencias

Naturais, Debuxo, Tecnoloxía, Educación Física, Música , Química Industrial, Informática e Relixión.

Os departamentos didácticos estarán compostos por tódolos profesores/as que impartan o ensino propio das áreas ou materias asignados ao departamento.

É competencia dos departamentos didácticos (Artigo 73º):

- Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do Proxecto Educativo do instituto e á programación xeral anual.
- Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Elaborar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas e materias integradas no departamento, baixo a coordinación e dirección do seu xefe ou xefa , e de acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica. A programación didáctica incluírá, para cada etapa, os aspectos sinalados no Artigo 96º do regulamento orgánico 324/1996.
- Promover a investigación educativa e propoñerlle ao xefe/a de estudos actividades de perfeccionamento do profesorado.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Colaborar co departamento de orientación na prevención e detención de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos/as que o precisen.
- Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.
- Organizar e realizar as probas necesarias para os alumnos/as de bacharelato con materias pendentes. E se é o caso, para alumnos e alumnas libres.
- Resolver as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os alumnos/as lle formulen ao departamento e dictar os informes pertinentes.
- Elaborar, a fin de curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica, e os resultados obtidos.
- Propoñer materias optativas dependentes do departamento que serán impartidas polo profesorado do mesmo.

Os xefes/as dos departamentos didácticos serán elixidos segundo se establece no RD 324/1996,Artigo 74º.1, e desempeñarán o seu cargo durante catro cursos académicos, renovables, de selo caso.

É competencia do xefe/a de departamento (Artigo 75º):

- Representar ao departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- Responsabilizarse da redacción da programación didáctica das áreas, materias e módulos que se integran no departamento.
- Dirixir e coordinar as actividades académicas do departamento.
- Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario,

fose preciso celebrar.

- Responsabilizarse de que se levante acta da reunión do departamento e de que se elabore a memoria de final de curso.
- Darlles a coñecer ós alumnos e alumnas a información relativa á programación, con especial referencia ós obxectivos, ós mínimos esixibles e ós criterios de avaliación, elaborados polo departamento.
- Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para alumnos e alumnas libres, alumnos e alumnas de bacharelato ou ciclos formativos con materias ou módulos profesionais pendentes, así como as probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudos. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.
- Realizar o seguimento da programación didáctica do departamento, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.
- Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ao seu departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elaborar os informes pertinentes.
- Coordinar a organización dos espazos e instalacións e velar pola correcta conservación de equipamento específico do departamento.
- Colaborar co secretario ou secretaria na elaboración e actualización do inventario do centro.

9.3.2.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA (Artigo 77º)

A Comisión de Coordinación Pedagóxica estará formada polo director/a, que será o seu presidente/a, o xefe/a de estudos, os xefes/as de departamento, o coordinador/a do Equipo de Normalización Lingüística e o profesor/a de apoio a alumnos/as con necesidades educativas especiais; actuará como secretario/a un membro da comisión, designado polo director/a, oídos os restantes membros.

Reunirase polo menos unha vez ao mes. Poderán ser convocadas reunións extraordinarias a petición dun terzo dos seus compoñentes. A convocatoria será nominal e, polo menos, con 48 horas de antelación, incluírase a orde do día e axuntaranse os documentos, se os houbese, que se vaian debater.

A CCP terá, en relación co réxime de funcionamento regulado no Regulamento Orgánico do IES, as seguintes competencias:

- Elevar propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluírá o plano de orientación académica e profesional e o plano de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do instituto, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plano de orientación académica e profesional, do plano de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular e de garantía social, incluídos

no proxecto curricular.

- Propoñer ao claustro de profesores/as os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- Propoñer ao claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.
- Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado cara ao Centro de Formación Continua do Profesorado.
- Propoñerlle ao director ou directora os profesores/as titores que formarán parte do departamento de orientación.
- Realizar, de ser o caso, a proposta ao xefe ou xefa de estudos co fin de que se designe o responsable do departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- Propoñer ós profesores/as que formarán parte do Equipo de Normalización Lingüística.

9.3.3.- TITORÍAS

As titorías serán asignadas preferentemente, entre o profesorado que imparta unha materia común a todo o alumnado do grupo. (Orde 1 de agosto de 1997, Artigo 64.a)

No caso de existiren profesores dispoñibles, serán nomeados titores de grupos específicos de alumnos que precisen unha atención especial. (Orde 1 de agosto de 1997, Artigo 65).

Os profesores/as titores exercerán as seguintes funcións: (RD 324/1996, Artigo 59º)

Participar no desenvolvemento do plano de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.

Proporcionarlles no principio de curso, ao alumnado e aos seus pais e nais, información documental ou, nouse defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

- Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata nos seu proceso formativo. Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presentes problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar ao alumnado do grupo, aos pais e nais e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnado.
- Controlar as faltas de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais e nais ou titores e ao xefe ou xefa de estudos.
- Implicar as familias nas actividades de apoio para a aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- Atender, xunto co resto de profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

10.- CONTROL DA AULA

Na última sesión de clase do día, o/a profesor/a, debe indicarlles aos alumnos que coloquen a cadeira sobre a mesa , para facilitar a limpeza da aula.

Debemos de respectar ao máximo o horario de entrada e saída nas aulas, e ao mesmo tempo esixirlle puntualidade na entrada aos alumnos/as.

O/a profesor/a non debe abandonar a aula antes de que toque o timbre. Nas sesións previas aos recreos deberase esperar que saia todo o alumnado.

Na aula haberá un calendario mensual para anotar os exames, entrega de traballos, etc. . Se non tiveran o do mes en vigor, debe de pedilo o delegado da clase na conserxería.

11.- DELEGADOS

Delegado de grupo:

Para asegurar a participación democrática do alumnado na xestión do Centro, durante o primeiro mes do curso escolar, cada grupo elixirá por sufraxio directo, secreto e non delegable, un delegado e un subdelegado, que substituirá ao delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións.

A sesión electoral celebrarase, de acordo coa normativa vixente, dentro do horario lectivo en presenza do titor/a, que actuará de presidente/a, e do secretario/a, que será o alumno/a máis novo do grupo.

O quórum esixible será de dous terzos dos alumnos/as do grupo. A votación será nominal e secreta e proclamarase delegado o alumno/a que alcance máis do 50% dos votos emitidos e subdelegado ao seguinte.

No caso de que ningún alumno/a obteña a devandita maioría, celebrarase unha segunda votación na que participarán como candidatos os catro alumnos/as máis votados anteriormente. Designarase delegado e subdelegado aos/as alumnos/as que obtiveran o maior número de votos respectivamente.

As funcións do delegado de grupo e o subdelegado veñen reguladas no Decreto 324/1996, Artigo 114º (DOG 9 de agosto de 1996)

O nomeamento do delegado e o subdelegado do grupo poderán ser revogados pola maioría absoluta dos alumnos/as do grupo, previo informe razoado dirixido ao titor/a.

Por renuncia razoada do interesado ou interesada.

Por incumprimento grave dos seus deberes e funcións a proposta da maioría absoluta da xunta de avaliación, que posteriormente deberá ser aceptada pola comisión de convivencia do Consello Escolar.

Xunta de delegados:

Xunta de delegados é un órgano colexiado integrado polos delegados de todos os grupos do Centro e polos representantes do alumnado no Consello Escolar.

A Xunta de delegados estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes (Artigo 108º)(DOG 9 de agosto de 1996).

É competencia do delegado que preside a Xunta (Artigo 109º):

- Convocar as reunións que se precisen.
- Presidir as reunións e coordinar as mesmas.
- Responsabilizarse de que se levante acta das reunións.
- Facer chegar as propostas da Xunta de delegados aos distintos órganos de dirección ou de coordinación didáctica do centro.

A Xunta de delegados terá as funcións que se regulan no Decreto 324/1996 no Artigo 112º

Delegado de Centro:

O delegado e subdelegado de centro serán elixidos por maioría simple entre os delegados dos cursos impartidos no Centro e polos alumnos/as representantes no Consello Escolar, en votación directa e secreta presidida polo director/a do Centro.

As funcións do delegado e subdelegado de centro son:

- Convocar e presidir a xunta de delegados dos alumnos/as.
- Responsabilizarse do cumprimento das funcións atribuídas á xunta de delegados no Regulamento Orgánico dos IES.
- Colaborar pola consecución dos fins e obxectivos propostos polo Centro.

- Participar no departamento de actividades complementarias e extraescolares.

12.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO EDUCATIVO

O Proxecto Educativo é un documento que forma parte da Programación Xeral Anual, polo tanto, as modificacións que se fagan e mesmo á avaliación do mesmo xa se recolle na memoria correspondente da PXA.

O Consello Escolar do I.E.S. Marqués de Sargadelos aproba este Proxecto Educativo con data 29 de novembro de 2010.

Foi modificado con posterioridade e de novo aprobado nas datas que se indican:

1ª ACTUALIZACIÓN:

- **Aprobado no Claustro do día 19 de abril de 2012.**
- **Aprobado no Consello Escolar do día 23 de abril de 2012.**

2ª ACTUALIZACIÓN:

- **Fixéronse propostas de modificación na CCP do día 15 de maio de 2014.**
- **Aprobáronse no Claustro do día 27 de xuño de 2014.**
- **Informouse no Consello Escolar do día 27 de xuño de 2014, e este amosou a súa conformidade coas modificacións realizadas.**

3ª ACTUALIZACIÓN:

- **Aprobado no Claustro do día 7 de abril de 2016.**
- **Informouse no Consello Escolar do día de xuño de 2016, e este amosou a súa conformidade coas modificacións realizadas.**

- 4ª ACTUALIZACIÓN:

Modificouse na CCP do día 20 de outubro de 2016.

- 5ª ACTUALIZACIÓN

Modificouse na CCP do día 16 de novembro de 2017.

- 6ª ACTUALIZACIÓN:

Modificouse na CCP do día 14 de marzo de 2018.

- 7ª ACTUALIZACIÓN:

Modificouse na CCP do día 4 de xuño de 2018.

- 8ª ACTUALIZACIÓN:
Modificouse na CCP do día 30 de abril de 2020.
- 9ª ACTUALIZACIÓN
Modificouse na CCP do día 11 de maio de 2021.
- 10ª ACTUALIZACIÓN
Modificouse na CCP do día 18 de maio de 2022